

Ao Excmo. Concello de Vigo

O Pleno da Corporación Municipal, en sesión extraordinaria do día 15 de novembro de 2018, aprobou inicialmente o orzamento xeral do Concello de Vigo durante o exercicio económico de 2019, que foi publicada no BOP 221 de 16 de novembro de 2018.

Os abaixo asinantes, funcionarios adscritos ao Rexistro Xeral deste Concello, dentro do prazo conferido e en relación aos Orzamentos Xerais desta entidade local, formulan as seguintes:

ALEGACIÓNS

Nos orzamentos citados non esta recollido a modificación de complementos de destino e específico para o persoal deste Rexistro Xeral.

As novas leis contemplan a transformación das oficinas de rexistro, en oficinas de asistencia en materia de rexistros e información (art 16 e disposición transitoria segunda da lei 39/2015).

Nestas novas oficinas, as persoas serán asistidas por un funcionario para realizar os tramites por vía electrónica (art 12 de Lei 39/2015).

Así, pois as oficinas de asistencia en materia de rexistros terán, ao menos como funcións as seguintes:

- Dixitalización, copias auténticas e rexistro (art 12,16 e 27)
- Asistencia na identificación e firma electrónica (art 12 e 13)
- Practicar notificacións (art 41)
- Axudar na iniciación dun procedemento e facilitar código identificación do órgano, centro o unidade administrativa (art 66)
- Identificación dos interesados no procedemento (art 9).
- Outorgar apoderamento por comparecencia (art 6).

Por outra banda, os documentos presentados de maneira presencial ante as Administracións Públicas, deberan ser dixitalizados, de acordo co previsto no art 16 e 27 da lei 39/2015 e demais normativa aplicable, pola **oficina de asistencia en materia de rexistros** na que foran presentados para a súa incorporación ao expediente administrativo electrónico, devolvéndose os orixinais ao interesado.

Nestes momentos temos que usar tres aplicacións para rexistrar solicitudes para outras Administracións (ORVE), para o concello, recibir notificacións a través do portal de notificacións Notigal da Xunta e do Estado, asimismo seguimos rexistrando para Xunta de Galicia a través do EidoLocal, polo que todas estas funcións añadidas non se atopan na guía de funcións.

A vista da modificación da RPT expte 32380/220 en referencia a oficina do rexistro xeral enténdese debería redenomíname en “**oficina de asistencia en materia de rexistro e información**”, tal e como se contempla na Lei 39/2015

CONCELLO DE VIGO - REXISTRO DE ENTRADA
<http://www.vigo.org/consultado:documento>

10/12/18

180196484



de 1 de outubro de Procedemento administrativo común das administracións públicas, ao establecer a necesidade de que as administracións públicas teñan actualizado na súa sede electrónica, un directorio que permita aos interesados identificar as oficinas de asistencia en materia de rexistro existentes así como as previsións legais referidas ao rexistro electrónico de apoderamentos, rexistro electrónico, rexistro de empregados públicos habilitados, punto de acceso xeral electrónico da administración e arquivo único electrónico previstos nesta.

Si ben a creación de dita oficina así como as novas funcións das “oficinas de asistencia en materia de rexistro” contempladas na Lei 39/2015 veñen a supoñer modificacións nas funcións e tarefas asignadas aos postos adscritos a actual unidade administrativa do Rexistro Xeral.

Por todo isto,

SOLICITAMOS:

Incremento do **complemento específico** dos funcionarios e persoal laboral adscritos a oficina de Rexistro Xeral en consonancia coa modificación da súa guía de funcións con motivo da entrada en vigor da Lei 39/2015, e tendo en conta o aumento diario de traballo, a responsabilidade, dificultade técnica, dedicación, atención directa e permanente os cidadáns, por mor destas novas funcións a desenvolver no Rexistro Xeral, que non existían anteriormente á hora de fixar a Guía de Funcións desta dependencia.


Tamén pedimos a existencia dunha equiparación total nas condicións retributivas para postos iguais, entre a Xerencia de Urbanismo e o Concello de Vigo como ente matriz tal e como se acordou na sesión ordinaria do 30 de decembro de 2016 da Xunta de Goberno Local para o persoal do seu rexistro.

Incremento do **complemento de Destino** polo cambio de denominación do departamento en “**oficina de asistencia en materia de rexistro e informacion**”


Vigo, 10 de decembro de 2018


Dolores Blanco Bejega



Milagros Pereira Antonio


J. Manuel Díaz Iglesias


Laura Escudero Martínez


Francisca Ramiro García

Alberto Paz Piñeiro (de baja)


Santiago Cruz Pazó

